

PEFC, o teu aliado no cumprimento do EUDR

Competencias e responsabilidades da DX de Planificación e Ordenación Forestal na aplicación do EUDR: Autoridade competente e operadores forestais locais

Belén Bris Marino

Xefa do servizo da Propiedade Forestal. DXPOF. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

«O apoio da Axencia Galega da Industria Forestal para a elaboración desta publicación non implica a aceptación dos seus contidos, que serán responsabilidade exclusiva dos seus autores. Por tanto, a Axencia Galega da Industria Forestal non é responsable do uso que se poida facer da información aquí difundida».

Organiza:



PEFC
GALICIA

Cofinanciado por: Axencia Galega da Industria Forestal



XUNTA
DE GALICIA

REGULAMENTO EUROPEO DE PRODUTOS LIBRES DE DEFORESTACIÓN

Reglamento EUDR: **REGLAMENTO (UE) 2023/1115 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO, de 31 de mayo de 2023, relativo a la comercialización en el mercado de la Unión y a la exportación desde la Unión de determinadas materias primas y productos asociados a la deforestación y la degradación forestal, y por el que se deroga el Reglamento (UE) n. o 995/2010**
publicado 09/06/2023
en vigor 29/06/2023

El 23 de diciembre de 2024 se publicó el **Reglamento (UE) 2024/3234 del Parlamento Europeo y del Consejo de 19 de diciembre de 2024 por el que se modifica el Reglamento (UE) 2023/1115 en lo que respecta a las disposiciones relativas a la fecha de aplicación**. Este texto supone el aplazamiento de la entrada en aplicación del Reglamento EUDR y de la fecha de publicación del listado de riesgo de los países por parte de la Comisión.

Reglamento EUTR: **REGLAMENTO (UE) N o 995/2010 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 20 de octubre de 2010 por el que se establecen las obligaciones de los agentes que comercializan madera y productos de la madera**
publicado 12/11/2010

incorporado á lexislación nacional mediante o **Real Decreto 1088/2015, de 4 de diciembre, para asegurar la legalidad de la comercialización de madera y productos de la madera**. (publicado en decembro do 2015)
transitoriamente en vigor ambos

EUTR vs. EUDR

madeira e produtos derivados da madeira	7 materias primas pertinentes: gando bovino, cacao, café, palma aceiteira, caucho, soia e madeira
obxectivo: garantir a legalidade da madeira que se pon no mercado UE, rastrexabilidade	obxectivo: reducir a contribución da UE á deforestación e degradación forestal no mundo + reducir a contribución da UE ás emisións de gases efecto invernadoiro e á perda de biodiversidade
Aplica a : axentes (calquera persoa física ou xurídica que comercialice madeira e produtos da madeira e os introduza por vez primeira no mercado interior da UE (produtores e importadores) + Comerciantes (calquera persoa física ou xurídica que no transcurso da súa actividade comercial venda ou adquira madeira ou produtos da madeira xa comercializados).	Aplica a : introducción no mercado da UE (importacións, de terceiros países a UE+ despacho a libre práctica+ produción nacional) + comercialización no mercado UE + exportacións desde a UE de materias primas pertinentes e dos seus produtos derivados define operador (persoa que introduce ou exporta produtos pertinentes) e Comerciante (toda persoa da cadea de suministro que non é operador e no transcurso da súa actividade comercializa produtos pertinentes) establece as súas obrigas diferenciándoas según sexan Pemes ou micropemes ou non o sexan
Art 4 (obrigas dos axentes): Estará prohibida a comercialización de madeira aproveitada ilegalmente ou de produtos derivados desa madeira	Art 3 (Prohibición): non se introducirán no mercado, comercializarán nin exportarán materias primas pertinentes e produtos pertinentes, agás se se cumpren todas as condicións seguintes: a) que estean libres de deforestación; b) que fosen producidos de conformidade coa lexislación do país de produción c) que estean amparados por unha declaración de dilixencia debida.

CONVIVENCIA EUTR-EUDR

A publicación en decembro do 24 do **Reglamento (UE) 2024/3234** supón o aprazamento da entrada en aplicación do Regulamento EUDR e da data de publicación da listaxe de risco dos países por parte da Comisión. La norma pretende proporcionar a los sectores industriales y a los socios tiempo suficiente para prepararse.

Centrándonos exclusivamente no relativo á madeira e os seus produtos derivados

- O regulamento EUDR substitúe e derroga ao actual regulamento EUTR a partir do 30 de decembro de 2025
- dispón un **período de transición de 3 anos**, ata decembro do 2028, no que seguirá aplicándose o EUTR á madeira e produtos da madeira producidos antes do 29/06/2023 que se introduzan no mercado con posterioridade a decembro do 2025.

Polo tanto:

- os actuais axentes deberán presentar como ata agora as súas declaracións EUTR do ano 2025, que serán sometidas ao control habitual: revisión da totalidade das DR e inclusión dalgúns expedientes no plan de controis da DX conforme ás previsión do plan nacional de controis e as presentacións de preocupacións xustificadas que poida haber
- tamén deberán presentar a declaración correspondente a 2025 no 1º trimestre de 2026.
- ata 2028 período transitório, para produtos producidos antes do 29 de xuño do 23 que se introduzan no mercado despois do remate do ano 2025 haberá que presentar declaración EUTR ata o 31 de xaneiro do 2028.

Cabe destacar que nas FAQ da Comisión se explica a lóxica da cadea de subministro durante o período transitório (FAQ 9.1):

- Se ao primeiro operador non lle aplica o EUDR aos operadores e comerciantes consecutivos non lles aplicará igualmente o EUDR
- Se ao primeiro operador lle aplica o EUTR aos operadores e comerciantes consecutivos lles aplicará igualmente EUTR

Cofinanciado por: Axencia Galega da Industria Forestal



Respecto á publicación da listaxe de risco dos países por parte da Comisión:

Comisión clasificará os países, ou partes deles, en tres categorías (risco alto, estándar e baixo) segundo o seu nivel de risco de producir materias primas que non estean libres de deforestación neses países ou de incumprimento do resto de prohibicións.

Os principios xerais da metodoloxía do sistema de avaliación comparativa para a clasificación de países baséase no compromiso coa equidade, a obxectividade e a transparencia e **utilizará os datos da Avaliación dos recursos forestais mundiais da FAO** para avaliar a deforestación en termos absolutos e relativos..

A nova data límite para publicar a revisión de aplicación da avaliación comparativa e as listas iniciais de clasificación dos países, será o 30 de xuño de 2025

Implicacións: os controis anuais que realicen as autoridades competentes teñen que abarcar unha % dos operadores que introduzan, exporten ou comercialicen as materia pertinentes, % que varía en función do risco do país:

Risco elevado: porcentaxe mínimo de controis 9%

Risco estándar: porcentaxe mínimo de controis 3%

Risco baixo porcentaxe mínimo de controis 1% e posibilidade de obrigacións simplificadas de dilixencia debida

a % de control ten que aplicarse para cada una das materias primas pertinentes

Os operadores que se abastezan totalmente de materias **primas procedentes de zonas clasificadas como de baixo risco estarán suxeitos a obrigacións simplificadas de dilixencia debida**. Segundo o artigo 13, terán que recompilar información de conformidade co artigo 9, pero non estarán obrigados a avaliar e reducir os riscos (artigos 10 e 11) a menos que o operador obteña ou teña coñecemento de calquera información relevante, incluídas as preocupacións xustificadas presentadas en virtude do artigo 31, que poidan indicar que existe un risco de que os produtos pertinentes incumpran o disposto no presente Regulamento (artigo 13.2).

Papel da DXPOF

EUTR

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal actúa como autoridade competente para axentes 1 e 2 (Rematantes e propietarios forestais) e coordinadora.

Dirección Xeral de Comercio e Consumo e a Secretaría Xeral de Industria, autoridades competentes: axentes 3 y 4 (Industrias forestais ou empresas (excepto rematantes) que comercializan produtos da madeira).

EUDR

O artigo 14 do regulamento establecía que o **30 de decembro do 2023 tiñase que comunicar á Comisión as autoridades competentes de cada estado membro** (unha ou varias) responsables do cumprimento das obrigas EUDR.

Actualmente esta listaxe figura na páxina do MITECO coa seguinte información sobre autoridades competentes EUDR para Galicia:

Autoridades competentes de Galicia:

- Dirección General de Comercio y Consumo San Caetano, s/n. Bloque 5, 3ª planta - Santiago de Compostela 15781 (+34) 981 545 591 / (+34) 981 545 590 cei.dxcomercio@xunta.gal
- Dirección General de Planificación y Ordenación Forestal San Lázaro, s/n - Santiago de Compostela 15781 (+34) 981 546 109 forestal.mediorural@xunta.gal

Isto podería verse modificado se o anteproxecto de Lei para a aplicación do regulamento EUDR que se está a tramitar se aprobsea sen atender ás alegacións feitas, xa que impón una única autoridade competente por CCAA.

A listaxe de autoridades publicase na web da Comisión e actualízase periódicamente.

OBRIGAS DAS AUTORIDADES COMPETENTES:

as autoridades competentes deben:

- identificar aos operadores e deseñar plan de controis anual baseado en criterios de risco e executalo
- os controis sobre os operadores analizarán o seu sistema de DD, incluídos procedementos de avaliación do risco e redución do risco e as DDD
- garantir, en función do nivel de risco que finalmente se asigne a Galicia, que os seus controis anuais abranguen cando menos ao 3% dos operadores que introduzan no mercado, comercialicen ou exporten produtos pertinentes (risco estándar), este % aplica sobre cada materia prima pertinente e por tanto sobre a madeira.
- revisión anual dos plans de control
- comunicar o seu plan de control á Comisión
- levar un rexistro dos controis e mantelo durante 10 anos
- facilitar o intercambio de información con outras autoridades e colaborar con elas. Asi como difundir a información pertinente para facilitar aos operadores a avaliación do risco.
- cooperar coas autoridades aduaneiras
- presentar un informe anual con plan de control e criterios de risco, n.º e resultado dos controis, cantidade de produtos pertinentes controlada sobre o total dos introducidos no mercado ou exportados, incumprimentos e medidas adoptadas e % de controis realizados con preaviso.

Ademais, as autoridades competentes poderán:

Prestar asistencia e orientación

- facilitar o cumprimento do regulamento EUDR nomeadamente a pemes, microempresas e persoas físicas

- Adoitar medidas provisionais inmediatas** incluída a **incautación de materias** e produtos pertinentes, ou a **suspensión da súa introdución** no mercado cando se teñan detectado incumprimentos

- Prevese un réxime sancionador pendente de desenvolver, as sancións incluírán:

- a) multas proporcionais ao dano ambiental e ao valor das materias e produtos pertinentes de que se trate; o calculo da contía das multas garantirá que privan aos responsables dos beneficios económicos derivados das súas infraccións; cando o infractor sexa unha persoa xurídica, **o importe máximo da multa ascenderá como mínimo ao 4 % do volume de negocios anual total realizado na Unión** polo operador ou comerciante durante o exercicio económico anterior
- b) a confiscación dos produtos pertinentes do operador ou comerciante;
- c) a confiscación dos ingresos obtidos polo operador ou o comerciante por unha transacción cos produtos pertinentes

O réxime sancionador atopase pendente de desenvolvemento se ben sabemos que o anteproxecto de lei para aplicación dom EUDR o prevé excluíndo da lei de montes o réxime sancionador EUTR

OBRIGAS DOS OPERADORES (actuais axentes 1 e 2)

1ª) cumprir coa prohibición do artigo 3: Non introducir no mercado, comercializar nin exportar materias primas pertinentes e produtos pertinentes, agás se se cumpran **todas as condicións seguintes**:

- a) **que estean libres de deforestación**; e no caso da madeira que o aproveitamento non teña causado **degradación forestal**
- b) que fosen **producidos de conformidade coa lexislación do país de produción**
- c) que estean amparados por unha **declaración de dilixencia debida**.

2ª) a fin de demostrar que cumpren co anterior, todos os operadores están obrigados a:

- **exercer a DD**
- **presentar unha declaración de DD previa** á introducción da madeira e dos produtos derivados no mercado da UE ou á súa exportación, **na que manifeste que exerce a DD e que non detectou risco de deforestación ou que iste é despreziable**:
 - **Presentase a través do sistema de información TRACES** que ten habilitado a Comisión
 - **dispoñible e transmisible por medios electrónicos**
 - conterá a **información** que figura no **anexo II**
- **comunicar aos operadores e comerciantes de eslabóns posteriores da cadea de subministro os n.º de referencia das DDD correspondentes**
- **manter un rexistro coas súas DDD durante 5 anos**
- **facilitar os controis**

A Dilixencia debida (DD) inclúe:

- a) a recompilación da información, dos datos e dos documentos necesarios para cumprir os requisitos de información do artigo 9;
- b) medidas de avaliación do risco
- c) medidas de redución do risco

Cómpbase que é moi similar á dilixencia debida que xa veñen exercendo polo EUTR

A declaración previa antes da comercialización sí é unha novidade

- a información que debe conter é practicamente igual á que debía almacenarse de cada aproveitamento para incluíla na declaración anual
- terase que realizar antes de introducir a madeira no mercado (á entrada en fábrica do primeiro camiión)
- non é preciso que estea rematado o aproveitamento forestal para presentar a DDD
- se ao longo do aproveitamento resultase que a cantidade de madeira a introducir no mercado resultase maior ca declarada antes antes de introducir madeira no mercado por valor superior ao declarado requirese presentar **una DDD complementaria.**
(funcionamento distinto ao da comunicación final)

O contido desa declaración debe incluír a seguinte **información:**

- Nome e dirección do operador, e no caso de materias e produtos pertinentes para importacións e exportacións o seu n.º de rexistro e identificación de operadores económicos (Datos operador EORI)
- Código do Sistema Harmonizado, descrición (inclúe nome científico para madeira) e cantidade do produto (peso para importacións e exportacións peso, volume ou unidade para resto)
- País de produción e xeolocalización de todas as parcelas das que proceden a madeira (coordenadas UTM con 6 decimais ou polígono)
- Número de referencia das DDD previas, cando aplique (non é o caso en produtores domésticos que introducen a madeira por primeira vez no mercado da UE)

- cada operador deberá subir directamente a súa declaración á plataforma TRACES que a tal fin creou a Comisión antes de 31 de decembro de 2024. a remate da presentación obterá:

- un n.º de referencia (que deberá subministrar **aos** operadores e comerciantes de **eslabóns posteriores da cadea** de subministro
 - un código de verificación

- ten obrigación de gardar a información (declaracións cos n.º de rexistro e documentación) durante 5 anos (=)

• Cabe destacar que o artigo 6 do regulamento EUDR dispón que **os operadores** ou comerciantes **poderán outorgar mandato a un representante autorizado para que presente no seu nome a declaración de dilixencia debida**. En tal caso, o operador ou comerciante segue sendo responsable de que o produto pertinente cumpra coa prohibición do artigo 3.

Algunhas cuestións mais sobre as DDD:

- Existe a posibilidade de indicar que os datos de xeolocalización teñen carácter confidencial , o que implicaría que as coordenadas UTM fariáanse opacas aos seguintes eslabóns da cadea de subministro.
- Necesidade no caso de aproveitamentos forestais maiores de 4 hectáreas de subir a TRACES un polígono
- Existe a posibilidade para os operadores de realizar as presentacións das DDD a través de servizos web (conexións API, máquina a máquina) desde os seus sistemas informáticos propios.
- Respecto ao control das DDD: O MITECo informou na última reunión do GT da madeira que está a traballar nunha plataforma nacional de intercambio de datos EUDR, que nunha primeira fase no 2025 habilitarase para a recollida de datos desde o SI da comisión, a análise das DDD e seguimento das decisións (controis polas CCAA ou nacional), información sobre operadores e comerciantes, datos de despacho aduaneiro e xestión documental (repositorio básico da documentación de informes de control e de preocupacións xustificadas)
 - O perfil de autoridade competente en TRACES é único (sen distinción de competencias dentro do Estado Membro, é dicir non vai haber diferentes tipos de perfil para o control por autoridade competente CCAA ou Miteco).
 - Existirá ademais un perfil de autoridade aduaneira
 - As CCAA dispoñemos dunha conexión API co SI da Comisión orientada ao control, que ata agora só permite a descarga da información.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Planificación
e Ordenación Forestal

CORWEB



NOVO VISOR PARA INDICAR O PERÍMETRO DA CORTA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Cofinanciado por: Axencia Galega da Industria Forestal



**PEFC
GALICIA**

CORWEB



**XUNTA
DE GALICIA**



Para facilitar a presentación das declaracións EUDR, o sistema CORWEB permite, na súa última versión, **debuxar o polígono de corta do aproveitamento nun novo mapa**. Poderá delimitar a área de corta debuxando un polígono. Este polígono pode incluír parte dunha ou varias referencias catastrais de forma parcial ou total. Porén, é importante ter en conta as seguintes normas:

- ✓ A superficie da corta debe ser propiedade do titular indicado
- ✓ O polígono de corta debe estar situado exclusivamente dentro dos límites do concello seleccionado
- ✓ Só se pode indicar un único polígono de corta por cada solicitude presentada
- ✓ Seguirá podendo rexistrar as parcelas de corta como ata agora
- ✓ Quedan excluídos as cortas para uso doméstico por non estar afectadas polo regulamento EUDR

A continuación preséntase de forma resumida a nova funcionalidade. Para máis información pode consultarse o manual de usuario dispoñible na aplicación.



As presentacións realízanse como ata agora ata a pantalla na que se introducen as referencias catastrais

Chegados ao paso de engadir as Referencias Catastrais nesta pantalla poderemos escoller,, **só unha das seguintes opcións para a totalidade do expediente:**

- **Engadir Referencia**, que mantén o funcionamento do CORWEB ata agora
- **Pintar corta no mapa**, que habilita o novo visor para indicar o polígono de corta (lémbre que para cortas con superficie maior de 4 ha o regulamento EUDR exige a presentación dun polígono)

Eu actúo como Datos dos interesados **Referencias catastrais** Aproveitamento

XESTIÓN FORESTAL

☐ Trátase dun aproveitamento nun monte incluído no Rexistro de Montes Ordenados que non se axusta ao previsto no instrumento

Provincia * Concello * Unidade utilizada para a cantidade: *

A Coruña Ames ☒ Toneladas ☐ M³

Código lote ⓘ

Código lote

Escolle o xeito como engadir as Referencias catastrais:

Engadir referencia Pintar corta no Mapa



Premendo en “pintar corta no mapa” vostede accede ao seguinte:

VISOR PARA PERIMETRAR A CORTA

Pegar



Recomendamos sempre traballar a pantalla completa



Botón para localizar unha referencia catastral



Botón para seleccionar unha referencia catastral concreta no mapa



Botón para pintar un polígono no mapa



Botón para modificar o polígono da corta

Zona de corta



Área de corta definida e os botóns, en orde para, ocultar o polígono, eliminar ou modificar os límites do polígono.

Pegar

Botón para pegar o visor

Validar Corta

Validar o polígono e rexistrar as RC



No momento de premer en **VALIDAR CORTA** o sistema CORWEB deglosará as Referencias catastrais incluídas dentro do polígono de corta debuxado por vostede e a superficie de corta de cada unha destas referencias. Dentro de este resume poderemos:

- **Modificar polígono**, onde poderemos volver a editar a corta no mapa.
- **Confirmar**, que volcará o listado de RC no corweb. O usuario deberá proceder como ata agora indicando as especies, Afeccións, etc.
- **Unha vez confirmado o polígono** deberá continuar a presentación como ata agora incluíndo para cada referencia a especie, o nº de pés e peso ou volume da corta, e resto de pasos dunha presentación.

Referencias catastrais da corta

Referencias catastrais:

- 15002A50301099 - Superficie da corta: 0.1440 hectáreas
- 15002A50301105 - Superficie da corta: 0.1619 hectáreas
- 15002A50301106 - Superficie da corta: 0.0158 hectáreas

Superficie total: 0.3217 hectáreas

Modificar polígono

Confirmar



Rematada a presentación da declaración responsable, ou no momento no que se emita a resolución favorable de autorización da corta solicitada, na pantalla de resumo do expediente, pestana de documentación, aparecerá un arquivo GeoJson descargable listo para subir ao sistema de información da Comisión Europea.

Para obter este documento, na botoneira inferior, verá un botón **GeoJson EUDR**. Este xerará un documento compatible co sistema de información da UE do Regulamento EUDR.

O arquivo sera xerado ao momento e descargado. Tamén se aloxará na documentación asociada ao expediente de corta.

Se o arquivo non se descarga ou é bloqueado polo seu navegador, deberá refrescar a pantalla ou volver a entrar no expediente para que o documento sexa visible no listado de documentos.

Documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade

- 📎 👁 Acreditación da representación
- Outra documentación
- 📎 👁 12075507_XUSTIFICANTE_AMS_MR627D.pdf
- 📎 👁 Solicitud (Anexo II)(SOLICITUD)
- 📎 👁 12075507_RECIBO_PRESENTACION_MR627D.pdf
- 📎 👁 Xustificante de recepción(SOLICITUD)

📎 Descarga a documentación

💬 Comunicación Final

🕒 Prórroga

📄 Clonar solicitud

📄 GeoJson EUDR

+ Exportar



Dentro do portal **TRACES** para realizar a declaración a efectos del EUDR, dentro do detalle de un documento de Deforestación de la UE, teremos na parte inferior un bloque para **engadir o lugar de produción**.

En este área veremos un botón de **IMPORT**. Escolleremos o **GeoJson EUDR** xerado desde o CORWEB.

O volcar o arquivo sera volcada a información na declaración EUDR e poderá continuar co proceso de declaración no portal **TRACES**.

6. Materia(s) prima(s) o produto(s)

+Añadir materia prima o produto XEliminar todo

	Masa neta (kg)	Volumen (m3)	Unidades suplementarias	Área (ha)
Totales:	365.50	0.00	3	0.00

1 44 MADERA, CARBÓN VEGETAL Y MANUFACTURAS DE MADERA
4403 Madera en bruto, incluso descortezada, desalburada o escuadrada

Eliminar

Descripción de la(s) materia(s) prima(s) o el(los) producto(s) *	Masa neta (kg) *	Volumen (m3)	Unidades suplementarias	Superficie total (ha)
Madera en bruto	365,5		3 TME - v	0.00

nombre científico	Nombre común	
1 Eucalyptus sp.	Eucalyptus sp.	+
2 Quercus sp.	Quercus sp.	-
3 Pinus sp.	Pinus sp.	-

+ Añadir lugar de producción

Import

Moitas grazas!

Cofinanciado por: Axencia Galega da Industria Forestal

